

BASES DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN – CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026 DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA 2026

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a participación no Programa Municipal de Conciliación – Campamento de Verán 2026, así coma proporcionar información sobre o seu desenvolvemento.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

A poboación destinataria son nenas e nenos de 3 a 16 anos nados entre o ano 2010 e 2022 (ambos inclusive) cuxas persoas responsables precisen conciliar a súa vida laboral e/ou formativa coa atención ás crianzas.

3. DESCRICIÓN

O desenvolvemento das actividades dos campamentos realizarase mediante metodoloxías participativas, activas e inclusivas, promovendo a igualdade, a corresponsabilidade, o respecto e a convivencia desde unha perspectiva non sexista, en consonancia cos principios do Plan Corresponsables da Xunta de Galicia. As actividades adaptaranse ás idades e necesidades socioeducativas das persoas participantes, favorecendo a conciliación das familias e contribuíndo ao desenvolvemento da autonomía, os hábitos saudables, a cooperación, a creatividade e o achegamento ao deporte, á cultura e ao medio natural. Así mesmo, realizarase unha saída semanal ás piscinas municipais.

As accións contempladas no Programa Municipal de Conciliación – Campamento de Verán 2026 levaranse a cabo por un equipo técnico especializado en ocio e tempo libre.

4. LUGAR, DATAS, HORARIOS E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

O Programa Municipal de Conciliación – Campamento de Verán 2026 levarase a cabo nas instalacións dispoñibles do Concello e en función do número de inscricións recibidas, dende o 1 de xullo ó 28 de agosto de 2026, de luns a venres agás festivos.

O horario de desenvolvemento das actividades será de 8:30 a 14:30 horas. As entradas e saídas das persoas participantes realizaranse directamente co persoal monitor responsable, mediante o correspondente control de sinaturas e valoraranse en función da demanda.

Establécense dúas quendas de entrada: de 8:30 a 8:45 horas e de 9:45 a 10:00 horas. A recollida poderá realizarse igualmente en dúas quendas, de 13,30 a 13:45 horas e de 14:15 a 14:30 horas.

Os días nos que se desenvolvan actividades nas piscinas municipais, a recollida das persoas participantes realizarase unicamente nas instalacións do pavillón municipal, non permitíndose a recollida directa nas piscinas.



A recollida das persoas participantes só poderá ser realizada polas persoas autorizadas na ficha de inscrición. No caso de autorizar a saída autónoma da persoa participante, esta deberá constar expresamente por escrito na solicitude de inscrición ou mediante autorización asinada pola persoa responsable legal.

Co fin de garantir a correcta organización e funcionamento do servizo, os horarios elixidos no momento da inscrición non poderán ser modificados durante o desenvolvemento da actividade.

5. PRAZAS

As prazas ofertadas inicialmente serán 70, distribuídas por grupos de idade segundo as inscricións recibidas. A inscrición realizarase por semanas completas, non admitíndose períodos inferiores nin días soltos.

Non se contempla a creación de grupos específicos de atención individualizada, sen prexuízo de que se realicen as adaptacións razoables necesarias segundo as necesidades das persoas participantes, no marco das posibilidades organizativas do servizo.

Reservarase un 10 % das prazas para situacións de emerxencia social ou vulnerabilidade, situacións de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, violencia contra a infancia e a adolescencia, así como para familias en situación de especial consideración, previa derivación dos Servizos Sociais Municipais.

No caso de que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles, establecerase a seguinte orde de prioridade:

- 1º. Participantes con escolarización ou residencia en Antas de Ulla nas que ambos proxenitores, titores/as ou persoas responsables se atopen traballando e presenten necesidades de conciliación familiar e laboral.
- 2º. Outras situacións excepcionais que dificulten a atención e coidado das crianzas, debidamente acreditadas mediante informe médico ou dos Servizos Sociais.
- 3º. Persoas participantes escolarizadas ou empadroadas noutros municipios, cando algún dos proxenitores, titores/as ou persoas responsables legais estean empadroadas ou desenvolvan a súa actividade laboral no termo municipal do Concello de Antas de Ulla.
- 4º. Participantes residentes noutros concellos con vinculación familiar directa no Concello de Antas de Ulla (ata segundo grao de parentesco coa persoa participante) e estadía temporal no municipio durante o período de desenvolvemento da actividade.
- 5º. En caso de empate, as prazas asignaranse segundo a orde de presentación da solicitude completa no Rexistro.

6. ASISTENCIA

A asistencia diaria ao servizo será obrigatoria. Admitirase un máximo de faltas non xustificadas equivalente ao 20 % dos días do período solicitado por cada participante. Consideraranse faltas xustificadas as derivadas de enfermidade da persoa participante ou outras causas de forza maior debidamente acreditadas. A participación noutras actividades extraescolares, deportivas ou de ocio non terá a consideración de falta xustificada. A



superación destes límites poderá implicar a perda da praza e a incorporación da persoa seguinte na lista de agarda.

7. INSCRIPCIÓN

As solicitudes e a documentación complementaria presentárase segundo o modelo normalizado ANEXO I ben por medios electrónicos ou de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello de Antas de Ulla ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes estarán dispoñibles nas dependencias de servizos sociais do Concello e na web do Concello de Antas de Ulla.

O prazo de presentación de solicitudes será do 1 ó 5 de xuño, ambos incluídos.

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. Solicitud de inscripción debidamente cuberta e asinada (Anexo I).
2. Copia do DNI/NIE/pasaporte da persoa responsable legal.
3. Copia do libro de familia ou documento equivalente acreditativo da filiación ou tutela.
4. Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
5. Xustificación da situación laboral ou formativa dos membros da unidade familiar:
 - Persoas traballadoras por conta allea: certificado de empresa no que consten os horarios laborais.
 - Persoas traballadoras por conta propia: xustificante de alta no réxime correspondente e último recibo de cotización á Seguridade Social.
 - Persoas en formación: certificado do centro de estudos.
6. Documentación acreditativa doutras circunstancias susceptibles de valoración, no seu caso:
 - Familia monoparental, custodia exclusiva ou compartida.
 - Situacións excepcionais que dificulten a atención e coidado das crianzas (mediante informe médico ou dos Servizos Sociais).
 - Contrato laboral no termo municipal do Concello de Antas de Ulla por parte dalgún membro da unidade familiar ata o primeiro grao de parentesco.
 - Participantes con vinculación familiar no municipio durante o período de desenvolvemento da actividade, que deberán acreditarse mediante declaración responsable e documento identificativo da persoa familiar residente en Antas de Ulla.
7. No caso de persoas participantes con necesidades específicas de apoio, achegarase informe técnico ou sanitario no que se indiquen as condicións de saúde físicas, psicolóxicas ou neurodiverxentes, co fin de garantir a adecuada atención durante a actividade.
8. Certificado médico no caso de que sexa necesario por razóns de saúde relevantes



(alergias, intolerancias ou outras condicións que requiran medidas específicas durante a actividade)

As persoas usuarias do servizo durante o curso escolar 2025/2026 que xa presentasen a documentación e non modifiquen as súas circunstancias non terán que achegala novamente, debendo unicamente presentar a solicitude no modelo Anexo I. A falta de comunicación de cambios relevantes poderá implicar a perda do dereito á praza.

9. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS E LISTAXE DE AGARDA.

O listado de persoas admitidas farase público antes do 19 de xuño, a través da sede electrónica e do taboleiro de anuncios do Concello, xunto coa distribución dos grupos e coa información relativa ao lugar de realización das actividades.

No suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, as persoas non admitidas pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde de valoración.

As persoas que obtivesen praza no servizo e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro do Concello de Antas de Ulla.

En caso de renuncia ou baixa dalgunha persoa participante, cubrirase a praza vacante coa seguinte persoa na listaxe de agarda que será contactada por vía telefónica. Realizaranse tres chamadas entre as 09:00h e 14:00h aos números que se facilitaron nos impresos de inscrición. No caso de non ter resposta da persoa interesada no prazo de 24 horas procederase a chamar ao seguinte da lista de agarda.

A ausencia reiterada e non xustificada implicará a perda da praza dacordo co establecido no punto 6 das presentes bases.

O Concello de Antas de Ulla poderá adoptar as medidas que procedan no caso de incumprimento reiterado das condicións de participación, especialmente no relativo á asistencia, podendo dar lugar á perda da praza e á exclusión de futuras edicións do servizo.

DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS


O Concello de Antas de Ulla resérvase o dereito a solicitar documentación complementaria que considere necesaria cando as circunstancias alegadas non queden suficientemente acreditadas.

As persoas participantes deberán asistir diariamente ás actividades con roupa e calzado cómodos e adecuados para a práctica de actividades lúdicas e deportivas, así como con gorra, crema de protección solar, botella de auga e unha merenda saudable. Recoméndase que todas as pertenzas veñan identificadas co nome da persoa participante.

Máis información

Concello Antas de Ulla
Departamento de servizos sociais municipais

 eduso.concelloantasdeulla@gmail.com

 982 238 014





Consulta das bases e anexos oficiais na sede electrónica do Concello



**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN
PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN CONCELLO ANTAS DE ULLA
CAMPAMENTO VERAN 2026**

DATOS DAS PERSOAS RESPONSABLES LEGAIS

NAI/PAI/ TITOR/A 1	NOME:	
	APELIDOS:	
DNI / NIF/PAS		
DOMICILIO		
TELÉFONO		
NAI/PAI/ TITOR/A 2	NOME:	
	APELIDOS:	
DNI / NIF/PAS		
DOMICILIO (só se é diferente ó anterior)		
TELÉFONO		

AUTORIZACIÓNS

AUTORIZACIÓN PARA RECOLLIDA ALLEA: (Nome, DNI e contacto) *OBRIGATORIO	
---	--

AUTORIZO A SAÍDA AUTÓNOMA DA PERSOA PARTICIPANTE

PARTICIPANTE

NOME NENA/O	
DNI / NIF/ PASAPORTE	
DATA DE NACEMENTO	
ALERXIAS / INTOLERANCIA ALIMENTARIA/ ENFERMIDADES/DIVERSIDADE FUNCIONAL/OUTRAS	
SABE NADAR?	





MODALIDADE INSCRIPCIÓN (Sinale cunha X a opción escollida)

SEMANAS		HORARIOS	
XULLO	AGOSTO	ENTRADA	SAÍDA
<input type="checkbox"/> 1-3	<input type="checkbox"/> 3-7	<input type="checkbox"/> 8:30 – 8:45 horas	<input type="checkbox"/> 13:30 – 13:45 horas
<input type="checkbox"/> 6-10	<input type="checkbox"/> 10-14		
<input type="checkbox"/> 13-17	<input type="checkbox"/> 17-21	<input type="checkbox"/> 9:45 – 10:00 horas	<input type="checkbox"/> 14:15 – 14:30 horas
<input type="checkbox"/> 20-24	<input type="checkbox"/> 24-28		
<input type="checkbox"/> 27-31			

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

1. Participantes xa inscritos durante o curso escolar que xa aportaran documentación e non variaran as súas circunstancias:
 - Só Anexo I (solicitude cuberta e asinada)
2. Novas inscricións:
 - Anexo I.
 - DNI/NIE/pasaporte da persoa responsable.
 - Libro de familia ou documento acreditativo da filiación/tutela.
 - Tarxeta sanitaria da persoa participante.
 - Familia monoparental ou situacións de custodia se procede.
3. Documentación opcional para priorización:
 - Xustificación laboral ou formativa da unidade familiar.
 - Contrato laboral en Antas de Ulla ou vinculación familiar no municipio.
4. Necesidades específicas:
 - Informe sanitario ou técnico (se procede).
 - Certificado médico en caso de alerxias ou condicións relevantes.

AS PERSOAS RESPONSABLES LEGAIS ABAIXO ASINANTES

- Aceptan** as bases da convocatoria. Requisito indispensable de participación
- Autorizan a cesión de datos** persoais (nome, idade, dni e sexo) ó Programa Plan Corresponsables no ámbito local, exclusivamente para efectos de xustificación da subvención coa que se cofinancia este servizo, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos. Requisito indispensable de participación
- Autorizan** / **Non Autorizan** a captación e publicación de imaxes que con carácter pedagóxico, cultural e deportivo, se poidan realizar ás persoas participantes para fins informativos e divulgativos relacionados co programa nos medios de difusión corporativos. O responsable do tratamento será o Concello de Antas de Ulla. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos así como exercer outros dereitos ou retirar no seu caso conforme á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Autorizan** / **Non Autorizan** o uso do teléfono móbil por parte da organización para comunicacións relacionadas co servizo, incluíndo o envío de mensaxes vía WhatsApp.
- Autorizan** / **Non Autorizan** á consulta dos datos necesarios para a tramitación desta solicitude conforme á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. No caso de non autorizar será necesario achegar un certificado de empadramento ou calquera outra documentación necesaria para a acreditación dos requisitos

Antas de Ulla, de de 2025.

Asdo. Responsable legal 1

Asdo. Responsable legal 2

